

Pablo Quintana · Daniel Carballo · Pablo Carpintero · Luis Correa · Vicente Ansola

DESIDERIO
SAMPAYO RICO

DESIDERIO
VILARMIDE

con
CONSTANTINO FERNÁNDEZ CASTELAO
Costante de Valiña


e
MODESTO ARIAS LÓPEZ
Modesto de Murias

EDITORIAL CANELA
TRADICIÓN ORAL · MÚSICA

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	13
DESIDERIO, MODESTO E CONSTANTE	17
IMPRESIÓNS E TÉCNICA	19
O CONTEXTO	21
O CONTORNO XEOGRÁFICO, HISTÓRICO E ECONÓMICO	23
A GAITA E O GAITEIRO NO CONTEXTO DESTE ESTUDO	30
A zona oriental de Galicia.....	30
Contexto sociocultural e función social.....	30
A aprendizaxe	32
As tipoloxías das gaitas de fol.....	33
A construción das gaitas de fol.....	35
Dixitación e recursos ornamentais	36
Repertorio	36
Agrupacións características.....	36
AS REUNIÓNS CON GAITA NA CONTORNA	38
As festas.....	38
A festa da parroquia.....	41
A festa local do San Roque no Mazo de Acevo	41
Polavilas.....	45
Ruadas	48
Os cegos ambulantes.....	50
Xogos de mazás, de noces.....	53
Mallegas.....	55
Noiteboa e Fin de Ano	57
Carnaval	57
San Xoán.....	59
Fiadas.....	59
Terros e carretos do esterco.....	60
Esfollas	61
ARTESÁNS CONSTRUTORES DE GAITAS	63
Manuel López López.....	63
Manuel Vinjoy	66
Manuel María Corredoira Rodil.....	68
Xosé Seivane Rivas	77

OS GAITEIROS	85
Desiderio Sampayo Rico.....	87
Constantino Fernández Castelao.....	96
Modesto Arias López.....	101
AS FONTES E O REPERTORIO	107
AS FONTES	110
Antonio Sampayo Caballero.....	110
José Antonio Álvarez González.....	113
Os Villaboas.....	113
Sexteto Los Villaboas, “os vellos”	114
Conjunto Los Villaboas, “os novos”.....	116
Os da Louseira.....	119
Os de Maderne	120
Paulino González Díaz.....	123
Os Acevedos	126
Airiños da Ribeira.....	128
OS TEMAS DO CD	130
Do repertorio de Siderio de Vilarmide.....	130
Do repertorio do seu pai, Antonio Sampayo Caballero.	131
Do repertorio do Chiquillo de Fontangordo	132
Do repertorio dos Vilaboas “vellos”.....	132
Do repertorio do quarteto de Maderne	134
Do repertorio dos Acevedos	134
A GRAVACIÓN	137
APÉNDICE	145
ÁLBUM	153
VIAXE AO CORAZÓN DE DESIDERIO	154



**IMAXE 14**

No campo que hai diante da porta da igrexa de Santiago de Acevo tiña lugar o primeiro baile despois de rematar a misa.

Fotografía de Pablo Quintana

Contratábamos un gaiteiro e un tambor. Aí viñan muchísimo Teimil e Wenceslao; Teimil tocaba a caixa e Wenceslao tocaba a gaita, si, eran daí de Ouviaña,⁸ e viñan sempre tocar ao San Roque; e un ano non poideron vir, non sei por que, ou non os chamaron, e chamaron ós de Maderne, pero en lugar de chamalos como había que chamar e falar con eles como había que falar, mandáronlles un recado por un de Santiago de Acevo i eu non sei se lle lo deu se non lle lo deu, o caso é que non viñeron, e chegou o día da festa e non había quen tocase a gaita nin quen tocase nada, i eu... eu era un pequeno, entonces viñeron aquí buscar a Abelardo, a *Filipón*,⁹ e foi *Filipón* tocar a gaita, solo el; e bueno foi ese ano de que me acordo que surgío eso así.

Polavilas

Durante as longas noites do inverno, entre outubro e o carnaval, cando decaía a actividade agropecuaria no medio rural, un dos tipos de relación entre as persoas tiña lugar nas polavilas, ou pulavilas, as reunións veciñais, xeralmente locais, á caída da noite despois de facer os labores cotiáns, ou sexa: despois de “despachar” o gando e cear, segundo nos dicía Desiderio:

8. Ouviaña é un pobo que se pertence á parroquia de San Xoán dos Vaos no concello de Ribeira de Piquín.

9. Abelardo López, *Filipón de Vilarmide*, era un gaiteiro dos *Villaboas* vellos.

(...) a últimos de outubro e todo eso entón si, era o inverno e no inverno xa había pouco traballo, había que coidalo ganado e todo aquilo, pro xa había máis tempo pra face-los bailes e pa facer como decían por aquí pulavilas, e bueno pois era a forma de que cando quedaba o tempo máis libre pois era nesas épocas de inverno, hasta que non pasaba o carnaval e todo outra vez e volvías xa empezar... viña xa febreiro e marzo i había que empezar a mesma historia p' ano seguinte.

Seguindo unha especie de rotación programada e concertada, ían aparecendo pola porta da casa elixida algúns veciños, ou case sempre naquela casa que máis se prestaba para acoller ao vecindario. Na cociña, sentados arredor do lume, corrían historias e acontecementos pasados que se repasaban mantendo deste xeito os mitos locais, e contábanse sucesos contemporáneos que afectaban aos veciños dunha ampla zona na que se desenvolvían as relacións familiares ou comerciais dos participantes. Ao tempo, nas primeiras horas da reunión, facíanse xogos, de adiviñas ou doutro tipo, no que poderían participar tamén os nenos que, cos ollos abertos como fabas, escoitaban e recibían a información tribal con atención. Tamén se botaban partidas de baralla, e de dominó. Mesmo tiñan lugar outro tipo de xogos nos que tomaban parte aqueles mozos con máis ánimo; xogos ou escenificacións de contido erótico co que mozos e mozas se retaban.

Pero na polavila tamén tocaba, ás veces, algún músico local a gaita, músico máis ou menos profesionalizado, chegando a sacar tamén algúns cartiños, se se daba o caso, como nos teñen contado *Constante*, Otilio ou Desiderio. E tamén pasaría como nos cercanos concellos asturianos de Taramundi e os Oscos onde, grazas a abundancia de afeccionados á gaita, nunca faltaba onde botar man do músico, xa que practicamente en cada pobo había un gaiteiro,¹⁰ como recordaba Modesto ao falar da súa zona de Maderne:

Na pulavila tamén se facía baile, porque se cadra... daquela había tantos gaiteiros, mellores ou piores, pero había tantos gaiteiros e ó mellor xuntábanse nunha casa, porque acostumbraban sempre a ir pra unha casa, sempre a mesma, máis ou menos, entón dicen: 'porque non traes a gaita e botamos aquí unhas piezas e tal?'; empezabas secuadra de cachondeo e despois... formábase baile, aquela cousa de... eso non era todos os días, a polavila si, se cadra, por exemplo, eu viña desde Murias entón traía a gaita pra vir tocando de noite e volver tocando... pa polavila non se avisaba, iban os do pobo, xa sabías máis ou menos, porque sempre se buscaba aquel máis chistoso, aquel máis tonto que sempre... sempre se pasaba así, encima del pobre siempre recae todo. O da casa

10. Polos tempos de Desiderio xa comezaba a decaer a abundancia de gaiteiros afeccionados que había en todas as aldeas, mesmo el recorda algún outro gaiteiro local, pero sen demasiada calidade. Por exemplo, en Taramundi constatamos que na practica totalidade de lugares había algún gaiteiro que tocaba o instrumento nas reunións deste tipo (polavilas, mallegas, terros...) sen maior trascendencia, músicos que deixaban de tocar cando casaban, dándose o caso de que despois, de vellos, e se cadraba, podían retomar o gosto por tocar se é que aínda conservaban a gaita. Loxicamente non eran gaiteiros de gran calidade, por iso, aqueles que destacaban acababan dedicándose de xeito "profesional" ao oficio de gaiteiro, que funcionaba como complemento económico doutra actividade principal.

ARTESÁNS CONSTRUTORES DE GAITAS

Pablo Quintana, Daniel Carballo

Ao longo da historia, os gaiteiros servíronse de instrumentos fabricados, en mellor ou peor calidade, por carpinteiros e milmañas que controlaban o traballo da madeira en tornos de “ida e volta” ou nos de roda, manexados co pé, e houbo tamén algún intérprete que construiu a súa propia gaita, pero ímonos parar aquí, un pouco, para coñecer algo máis daqueles contados construtores que tiveron relación directa cos nosos protagonistas.

Manuel López López

Manuel de Muíña

(A Muíña do Mazo, 1897 - 1981)



IMAXE 18

Imaxe que figura no carné de identidade de Manuel López López, expedido en 1968.
Arquivo Casa de Muíña do Mazo.

Manuel López López, máis coñecido como *Manuel de Muíña*, foi un carpinteiro e artesán de gaitas de gran sona na contorna pola súa calidade no oficio. Fillo de José e de Agustina, naceu o 15 de abril de 1897 na Casa de Muíña do Mazo, parroquia de Santiago de Acevo, daquela dentro dos termos do concello da Fonsagrada, e finou no mesmo lugar o 28 de xullo de 1981.

Gran afeccionado á apicultura, aprendeu o oficio de carpinteiro da man dun veciño da Louseira (Seixosmil, Meira) chamado *Marugán*.¹⁹ Con el traballaban varios obreiros e aprendices, sendo un dos talleres referentes da comarca, onde ten fabricado fermosas mesas pregables. Pasado o tempo, tamén sería mestre doutros, como Sergio Fernández Campo (Seixosmil, 1933), un dos nosos informantes.

O seu taller encontrábase xunto á casa e nel aínda se conserva a maquinaria e a ferramenta que empregaba, incluíndo as serras, os tornos de roda (á que lle ten dado moitas voltas co veo o mesmo Desiderio) e o torno de pedal, de bésta, que empregaba na construción das gaitas. Nestes momentos aínda descoñecemos como e por que aprendeu a facer gaitas, se aprendeu directamente doutro artesán ou se copiaba as medidas de gaitas da zona para reproducilas. O que si sabemos é que, ata os anos corenta do século pasado, fixo gaitas para moitos gaiteiros da comarca,²⁰ como *Costante de Valiña*, *Alonso Rivas Fernández o Roso da Azoreira* e o seu compañeiro no conxunto dos da Louseira, *Justiniano Marugán*, ademais da primeira que tivo o protagonista desta obra, *Desiderio Sampayo*, e outras máis. Incluso tamén para un bo número de gaiteiros que viñan da emigración en Arxentina e Venezuela, moitos dos cales voltaban de novo co instrumento para o outro lado do Atlántico.



IMAXE 19

Tipo de mesa para o soprete da gaita que facía Manuel no seu obradoiro da Muíña do Mazo.
Fotografía de Pablo Quintana.

Segundo lembra Desiderio, facía gaitas de todas as tonalidades: *grilleiras*, redondas e tumbais. Cando remataba de tornear e vernizar “á muñeca”, con goma laca diluída en alcol, leváballas a *Antonio do Mazo* (o pai de Desiderio, veciño e amigo), para que lles puxera o fol, as empalletase e as afinase, deixándoas listas para tocar. No seu obradoiro, polo que tamén pasou Xosé Seivane, torneaba buxas (as “mesas”, como lles chaman na zona) para o “soplete” do tipo do da imaxe 19 (que logo faría tamén Manuel María Corredoira), pero tiñan o inconveniente de que deterioraban o fol de coiro pola parte en contacto co furado, segundo nos ten relatado Desiderio cando lle mostramos a fotografía:

19. Este mestre de Manuel era o pai de *Justiniano Marugán*, gaiteiro compoñente do grupo Os da Louseira, dos que falamos na páxina 119.

20. Véxase a fotografía da páxina 35.

Manuel María Corredoira Rodil

(*Os Teixedais*, 1928 – *Baltar*, 2013)



IMAXE 22

Manuel María en abril de 2011.
Fotografía de Pablo Quintana.

Manuel María Corredoira Rodil, ao que moitos coñeceron por *o Méndez*, outros por *Corredoira* e outros simplemente por Manuel María, foi, durante a segunda metade do século XX, un construtor de gaitas moi respectado en toda unha zona que coincide cos actuais concellos de Taramundi, os Oscos, A Pontenova e A Veiga. Contemporáneo de Xosé Seivane, veu a ser o relevo de *Galfarro da Pumarega*, *Vítor de Caioco*, *Manuel de Muíña*, Manuel Vinjoy e *Fermín de Grandas*.

Moi afeccionado a citar refráns, a súa máxima era a daquel que di: “o que fai un home tamén o pode facer outro”. Por iso foi un “inventor” destacado no seu ámbito: “inventaba motores pá luz, inventaba motores pa moliños, inventaba motores pa bicicletas, inventaba motores pa todo, poñíalles o cu aos caldeiros, o fondo, dos de dar aos cochos,... facía de todo”.²⁶ Fabricou as súas propias ferramentas, para outros e para diversos oficios, construiu tornos para artesáns e adaptou á electricidade moitos de pedal, mesmo vimos, cando o coñecemos no antigo taller da Pereira hai xa moitos anos, como, antes da chegada da enerxía eléctrica, aproveitaba o motor dunha vella motocicleta para alumearse cos seus focos ou, aínda antes, a dínamo dunha bicicleta

26. Testemuño oral de Severo Rodríguez Turía (A Pereira, 1941).

AS FONTES

Antonio Sampayo Caballero

Antonio do Mazo

(Madrid, 1904- O Mazo, 1997)

Antonio Sampayo Caballero era o pai de Desiderio. Naceu en Madrid o 29 de xuño de 1904, sendo fillo homónimo de Antonio Sampayo, *Antón do Mazo* (galego orixinario do Mazo, Santiago de Acevo), e de Jesusa Caballero (manchega orixinaria de Beamud de la Sierra, Cuenca). A familia trasladouse a Galicia cando o pequeno Antonio tiña tres anos de idade, por consello médico, debido a unha enfermidade da súa nai. Daquela, a parroquia de Santiago de Acevo pertencía ao concello da Fonsagrada.

Antonio foi un dos bos gaiteiros da comarca da Ribeira de Piquín na década dos anos vinte, antes de nacer Desiderio, polo que este non o recorda xa en activo: “Eu, cando empecei a conocer a meu padre, pois... non saía a tocar porque había que atender a casa, a labranza, e era zoqueiro, saía a facer zocas, e facía de serrador para uns e para outros...”.

Dedicouse á gandaría na súa casa familiar do Mazo, ademais de exercer diversos oficios manuais, para os que tiña moitas habilidades; entre elas, a que aquí máis nos pode interesar é a súa recoñecida destreza para empalletar e afinar gaitas.

Segundo lembra Desiderio, a cana que usaba o seu pai para preparar os pallóns e as palletas viña da casa do seu veciño, o artesán *Manuel de Muíña*. Alí, plantadas na horta, tiñan unhas canaveiras (*Arundo donax*) que cortaban todos os anos pola lúa minguante dos meses “mortos” (novembro ou decembro) e despois deixaban secar, nun lugar cerrado pero ben ventilado, durante seis ou sete meses. Desta cana escollíase a femia, xa que o macho era de calidade moi inferior. Para as palletas tamén empregaba os mangos das vasoiras, escollendo aqueles coa cana máis “brillante e cristalina”.

Antonio facía as palletas moi parecidas ás que se empregan comunmente en Galicia na actualidade, coa mesma forma rectangular, aínda que relativamente máis pequenas. Ademais, non adoitaba deixar a parte máis externa da cana, senón que prefería a parte máis mol do interior para a súa construción. Tampouco empregaba ningún xugo para fixar as lingüetas: só as ataba con fío de boa calidade. O tudel facíao con latón, que cortaba dunha medida que dependía da tonalidade da gaita; despois dáballe a forma cun ferriño ou unha lima redonda, fina, e aplanaba un pouco o lado onde asentarían as dúas lingüetas da palleta.

**IMAXE 49**

Ensaio en Vilar de Calvos, con Daniel, Desiderio, *Constante* e un espectador.
Fotografía de Pablo Quintana.

Unhas semanas antes de realizar a gravación, visitamos a zona para buscar a localización onde a levaríamos a cabo. Como xa a coñeciamos, pois para a toma de son do disco de *Nela* tamén andiveramos mirando, sabiamos dos auditorios e salas onde non poderíamos facer o rexistro, porque non eran axeitados. Atraíanos a idea de gravar ao aire libre, pero tiñamos que ter en conta as variacións da climatoloxía local que, nesa época, e tal como se estaba presentando o verán, podían facer aparecer algunhas chuvias. Por iso, percorremos este pequeno espazo xeográfico buscando o lugar máis axeitado para gravar sen alonxar demasiado os gaiteiros do seu contorno natural, e tendo en conta que precisabamos rexistrar catro tipos de formacións: gaita soa, gaita con bombo e tamboril, dúas gaitas con bombo e tamboril e tres gaitas con bombo e tamboril.

Ao final decantámonos por facela no adro da igrexa de San Salvador de Vilarmide, un espazo que parecía axeitado para este tipo de tomas realizadas ao vivo e que lle podería dar un sabor particular, pois en lugares como este teñen tocado tamén os gaiteiros nas festas ou noutro tipo de bailes. Ademais,

VIAXE AO CORAZÓN DE DESIDERIO

Aquela fría mañá de marzo viaxei con Desiderio entre Vilaeimil, capital dos “pobos das néboas”, e Vilar de Calvos. Entre néboas, e por algúns momentos viaxando polo carril esquerdo, rememorei os meus tempos pasados no condado de Galway, en Irlanda, onde ir pola esquerda era máis unha obriga ca unha devoción. Desiderio confesoume que non vía moito. Néboa, chuvia, lentes graduados... demasiados filtros para un camiño pino e zigzagueante. Comecei a sentir os medos da madurez.

Detivemos o coche no cume, onde as néboas pretendían devorarnos. Era un lugar en terra de ninguén, un triángulo fronteirizo entre A Pontenova, Ribeira de Piquín e A Fonsagrada, ou polo menos iso me parecía a min.

Desiderio saíu do vehículo, a gaita esperábao impaciente no maleteiro, e comezou a tocar. Chovía. Nos silencios da néboa a gaita chamaba ás ánimas e elas acudían. Eu dáballes as grazas por non ternos estampinado nos maltreitos e cegos camiños cheos de cicatrices. A chuvia acariciábanos lentamente e a música espertaba a trasnos e fadas que, tímidos, se escondían entre as néboas deleitándose co mestre.

Máis tarde continuamos camiño e chegamos a Vilar de Calvos. Modesto e *Constante* esperaban sentados no escano da cociña de leña. Os sorrisos pícaros e cómplices confabuláronse para ofrecermos un concerto improvisado. As gaitas descansaban sobre o granito da cociña desexosas de resucitar a tranquila aldea. Xa os tres xuntos, fixéronme comprender que Desiderio non tiña un corazón, tiña tres! E eu sentínme un retratista privilexiado por deixar constancia daqueles momentos.

Cando regresabamos a Vilaeimil, Desiderio volveu confesarse, esta vez en relación coa chaqueta: “mmm... non sei se me debería ter posto esta chaqueta para as fotos”. Vino preocupado. Detivémonos de novo na fronteira dos tres concellos. “Non te preocupes. Dispararemos agora sen a chaqueta”. Néboas, trasnos, fadas e ánimas regresaron cando a gaita, xa durmida no asento traseiro do Peugeot, espertou de novo para congregalas xunto ao descoidado camiño.

Vicente Ansola

O retratista de Vilaeimil



Vicente Anzola



Visente Amiel



Vicente Anzola



DESIDERIO
SAMPAYO RICO
SIDERIO
VILARMIDE

Canela Produções
TRADICIÓN ORAL - MÚSICA



Canela Produções
sp



© CANELA PRODUCTIONS, S.L. - TODOS OS DEREITOS RESERVADOS - QUEDA PROHIBIDA A SÚA DUBLICACION, DISTRIBUCION POR INTERNET, ALUGUER, EJECUCION PUBLICA OU RADIODIFUSION SÓMO AUTORIZACION D.L. 621-2005 - AEREBICA - CREC 2015